



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

INFORMACIÓN PARA O PROFESORADO

Acceso a documentos de
interese para o profesora-
do:

- [Lexislación educativa](#)
- [Proxecto interdisciplinar.](#)
- [Os métodos didácticos.](#)
- [Obxectivos educativos](#)
- [Competencias básicas.](#)
- [Deseño das probas de avaliación.](#)
- [Plan TIC.](#)
- [Proxecto lector.](#)
- [Proxecto lingüístico de centro \(guía práctica\)](#)
- [Proxecto lingüístico de centro \(planificación\)](#)
- [Obradoiro de iniciativas emprendedoras. Acceso ao tríptico.](#)
- [obradoiro de iniciativas emprendedoras. Acceso ao web](#)
- [Plan de anticipación da primeira lingua estranxeira.](#)

XORNADAS O ENSINO CLIL, SECCIÓNS BILINGÜES

Os días 5 e 6 de outubro, terán lugar no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela as Xornadas **O ensino CLIL, seccións bilingües**, organizadas polos servizos centrais da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e

dirixidas ao profesorado de educación primaria, secundaria e formación profesional específica participante no plan experimental de seccións bilingües da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a todo o profes-

rado interesado en desenvolver proxectos relacionados co plurilingüismo nos seus centros.

[Máis información](#)

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CENTROS TIC 07/08

No DOG n° 181 do martes 18 de setembro sae publicada a Orde do 3 de setembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de axudas para a realización de proxectos de innovación educativa para a

incorporación das tecnoloxías da información e Da comunicación á educación para o curso 2007-2008.

[Acceso ao DOG](#)



PROGRAMA PROA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo desde o curso 2005/06, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, o Plan PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio).

Está dirixido ao alumnado de último ciclo de educación primaria e ao de primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria de centros públicos. Para o curso 2007/08 cóntanse 77 centros na

modalidade de acompañamento en primaria, 40 de acompañamento en secundaria e 40 na modalidade de apoio e reforzo en educación secundaria.

[Máis información.](#)

Contido:

Información para o profesorado	1
Xornadas O Ensino CLIL, Seccións Bilingües	1
Resolución da convocatoria de centros TIC 07/08	1
Programa PROA	1
Voluntariado e solidariedade	2
Convocatoria programa Academia 2007/08	2
Coñecer as cidades patrimonio	2
II Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino	2
Axudas á elaboración de materiais para facilitar a lectura	2
Agrupacións de centros educativos	2





VOLUNTARIADO E SOLIDARIEDADE

Convocatoria conxunta da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa pola que se organizan actividades de sensibilización e

participación en accións de voluntariado e solidariedade nos centros educativos de ensinanza non universitaria para conmemorar o Día Internacional do Voluntariado, día 5 de decem-

bro. Conta con tres modalidades: Webquest, libro web colaborativo, realización de graffitis.

[Máis información.](#)



CONVOCATORIA PROGRAMA ACADEMIA 2007-08

Academia é un proxecto europeo anual de mobilidade, dirixido aos profesionais da Orientación Profesional, principalmente orientadores/as e profesorado de FOL, de cara a coñecer os sistemas de orientación profesional doutros países

européos . Na presente edición, a Comunidade de Galicia ten asignadas 4 prazas en: Bélxica, Chequia, Finlandia e Italia. Os profesionais interesados/as nesta actividade teñen de prazo ata o **3 de outubro** para

enviar a súa solicitude.

[Máis información.](#)



COÑECER AS CIDADES PATRIMONIO

Convocatoria da 7ª edición do programa Coñecer as Cidades Patrimonio. O programa está dirixido a grupos escolares de 1º e 2º ciclo da ESO (máximo 15 alumnos/as) e aos seus profesores/as. Os grupo gañador recibirá unha viaxe a Ávila e unha

estadía na cidade de Cuenca. Os traballos poderán presentarse en distintos soportes (CD, maquetas...) e nun formato papel. Teléfono de contacto 981 554 400.

[Máis información](#)



II SEMINARIO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO

II Seminario de dinamización lingüística no ensino. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convoca o II Seminario de Dinamización Lingüís-

tica no Ensino para as persoas coordinadoras dos ENDL, para os seus membros e para o profesorado, en xeral, dos centros de ensino non universitario. O prazo de matrícula remata o día 1 de outubro. Inscripción

no enderezo <https://www.edu.xunta.es/fprof> ou ben enviar por rexistro a solicitude impresa, segundo o modelo que figura no DOG do 23 agosto.

AXUDAS Á ELABORACIÓN DE MATERIAIS PARA FACILITAR A LECTURA

No [BOE nº 224](#) do martes 18 de setembro sae publicada a Orde ECI/2687/2007, do 6 de setembro, pola que se con-

vocan axudas para a elaboración de materiais para facilitar a lectura nas diferentes áreas e materias do currículo e para a realiza-

ción de estudos sobre a lectura e as bibliotecas escolares.

AGRUPACIÓNS DE CENTROS EDUCATIVOS

No [BOE nº 153](#) do mércores 6 de xuño sae publicada a Orde ECI/1599/2007, do 24 de maio, pola que se convocan axudas para o establecemento de agrupa-

cións de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos comúns. O prazo de presentación de solicitudes remata o día 5 de outubro de 2007.

A contía máxima total da axuda será de 7.000 € por cada centro educativo que participe no proxecto.